

2º Advento. (B)

EVANXEO

+ Marcos 1,1-8

Comezo do Evanxeo de Xesús Cristo, Fillo de Deus.

Como está escrito no profeta Isaías:

Mira: mándoches por diante un mensaxeiro,
para que prepare o teu camiño.

Unha voz clama no deserto:
preparate o camiño do Señor,
endereitade os seus vieiros.

Presentouse Xoán no deserto bautizando: pregoando un bautismo de conversión, para lograr o perdón dos pecados. E ía onda el xente de toda a provincia de Xudea e de Xerusalén; confesaban os seus pecados e el bautizábaos no río Xordán.

Xoán ía vestido con pelos de camelo e cun cingudeiro de coiro arredor do van, e mantíñase de saltóns e mel bravo. E proclamaba:

-Detrás miña está a chegar o que é máis forte ca min, ante quen non son digno de prostrarme para lle desatar os amallós do seu calzado. Eu bautizo con auga, pero el havos bautizar con Espírito Santo.

Palabra de Deus.

HOMILIA

10 de decembro de 2017

CON XESÚS COMEZA ALGO BO (BOA NOVA)

(Ver ciclohomilía B - 2011-2012)

***José Antonio Pagola
Tradutor: Xaquín Campo Freire***

HOMILIA

7 de decembro de 2014

CONFESAR OS NOSOS PECADOS

«Comeza a Boa Noticia de Xesús Cristo, Fillo de Deus». Este é o inicio solemne e gozoso do evanxeo de Marcos. Pero, de seguídiño, de xeito abrupto e sen advertencia algunha, comeza a falar da urxente conversión que necesita vivir todo o pobo para acoller ao seu Mesías e Señor.

No deserto aparece un profeta diferente. Vén «preparar o camiño do Señor». Este é o seu gran servizo a Xesús. A súa chamada non se dirixe só á conciencia individual de cada un. O que busca Xoán vai máis aló da conversión moral de cada persoa. Trátase de «preparar o camiño do Señor», un camiño concreto e ben definido, o camiño que vai seguir Xesús, defraudando as expectativas convencionais de moitos.

A reacción do pobo é conmovedora. Segundo o evanxalista, deixan Xudea e Xerusalén e botan para o «deserto» para escoitaren a voz que os chama. O deserto recórdalles a súa antiga fidelidade a Deus, o seu amigo e aliado, pero, sobre todo, é o mellor lugar para escoitaren a chamada á conversión.

Alí o pobo toma conciencia da situación en que viven; experimentan a necesidade de cambiaren; recoñecen os seus pecados sen botarse as culpas uns aos outros; senten a necesidade de salvación. Segundo Marcos, «confesaban os seus pecados» e Xoán «bautizábaos».

A conversión que necesita o noso modo de vivir o cristianismo non se pode improvisar. Require un tempo longo de recollemento e traballo interior. Pasarán anos ata que fagamos máis verdade na Igrexa e recoñezamos a conversión que necesitamos para acollermos máis fielmente a Xesús Cristo no centro do noso cristianismo.

Esta pode ser hoxe a nosa tentación. Non ir ao «deserto». Eludirmos a necesidade de conversión. Non escoitarmos ningunha voz que nos invite a cambiar. Distraérmonos con calquera cousa, para esquecermos os nosos medos e disimular a nosa falta de coraxe para acollermos a verdade de Xesús Cristo.

A imaxe do pobo xudeu «confesando os seus pecados» é admirábel. Non necesitamos os cristiáns de hoxe facermos un exame de conciencia colectivo, a todos os niveis, para recoñecermos os nosos erros e pecados? Sen este recoñecemento, é posíbel «prepararmos o camiño do Señor»?

José Antonio Pagola
Tradutor: Xaquín Campo Freire

HOMILIA

4 de decembro de 2011

BOA NOVA

Ao longo deste novo ano litúrxico, os cristiáns iremos lendo nos domingos o Evanxeo de Marcos. O seu pequeno escrito arrinca con este título: «Comezo da boa noticia de Xesús, o Mesías, Fillo de Deus». Estas palabras permítennos evocarmos algo do que atoparemos no seu relato.

Con Xesús «comeza algo novo». É o primeiro que quere deixar ben claro Marcos. Todo o anterior pertence ao pasado. Xesús é o comezo de algo novo e inconfundíbel. No relato, Xesús dirá: «cumpríuse o tempo ». Con el chega a boa noticia de Deus.

Isto é o que están experimentando os primeiros cristiáns. Quen se encontra vitalmente con Xesús e penetra un pouco no seu misterio sabe que con el empeza unha vida nova, algo que nunca experimentara anteriormente.

O que atopan en Xesús é unha «Boa Noticia». Algo novo e bo. A palabra «Evanxeo» que emprega Marcos é moi frecuente entre os primeiros seguidores de Xesús e expresa o que senten ao encontrárense con el. Unha sensación de liberación, alegría, seguridade e desaparición dos medos. En Xesús encontran «a salvación de Deus».

Cando alguén descobre en Xesús ao Deus amigo do ser humano, ao Pai de todos os pobos, ao defensor dos últimos, á esperanza dos perdidos, sabe que non atopará unha noticia mellor. Cando coñece o proxecto de Xesús: traballar por un mundo máis humano, digno e ditoso, sabe que non poderá dedicarse a nada máis grande.

Esta Boa Noticia é o mesmo Xesús, o protagonista do relato que vai escribir Marcos. Por iso a súa intención primeira non é ofrecernos unha doutrina sobre Xesús nin aportarnos información biográfica sobre el, senón seducirnos para que nos abramos á Boa Noticia que só poderemos atopar nel.

Marcos atribúelle a Xesús dous títulos: un tipicamente xudeu; e o outro, máis universal. Con todo, reserva aos lectores algunhas sorpresas. Xesús é o «Mesías» a quen os xudeus esperaban como liberador do seu pobo. Pero un Mesías moi diferente do líder guerreiro que moitos anhelaban para destruíren aos romanos. No seu relato, Xesús é descrito como enviado por Deus para humanizar a vida e encamiñar a historia cara á súa salvación definitiva. É a primeira sorpresa.

Xesús é «Fillo de Deus», pero non dotado do poder e a gloria que algúns imaxinaron. Un Fillo de Deus profundamente humano, tan humano que só Deus pode ser así. Só cando termine a súa vida de servizo a todos, executado nunha cruz, un centurión romano confesará: «Verdadeiramente este home era Fillo de Deus». Esa é a segunda sorpresa.

José Antonio Pagola
Traduciu: Xaquín Campo

HOMILIA

7 de decembro de 2008

CONFESAR OS NOSOS PECADOS

(Véxase homilía 2014/12/07)

José Antonio Pagola
Tradutor: Xaquín Campo Freire

Blog: <http://sopelakoeliza.blogspot.com>
<http://iglesiadesopelana.blogspot.com>

José Antonio Pagola Itxaldiaren Bideoak ikusteko:
<http://iglesiadesopelana3v.blogspot.com>